

## O Ministerio presenta un documento que apunta importantes reformas para o profesorado sen concretar detalles

*A CIG-Ensino incidiu na necesidade de pactar un calendario e unha metodoloxía que impliquen unha negociación real*



Na Mesa Docente estatal o MEFP presentou un documento que foi remitido ás comunidades autónomas esta mesma mañá. A reunión limitouse, por tanto, a unha presentación por parte dos responsábeis ministeriais das que denominaron “24 propostas para a mellora da profesión docente”. Para presentar esta “batería de ideas” o Ministerio esgotou o prazo dun ano que fixaba na LOMLOE. O documento inclúe consideracións desde a formación inicial á formación permanente pasando por unha reforma do sistema de acceso á función pública docente a partir de 2024, así como a cambios na fase de prácticas posterior a superar as oposicións. No texto hai referencias a poder efectuar cambios nas especialidades docentes ou a incorporar procedementos de avaliación do desempeño da función docente. O que non aparece en ningún momento, e niso incidiu a CIG-Ensino na súa intervención, que non entrou no detalle dun texto que só foi remitido por

correo electrónico con media hora de antelación ao comezo da reunión, é na necesidade de articular medidas para mellorar as condicións de traballo do conxunto do profesorado e a calidade do sistema educativo ou formular propostas como a regulación dun corpo único docente.

### *Respecto ao ámbito galego de negociación*

A CIG-Ensino foi clara tamén á hora de reiterar a súa defensa de que calquera norma que se negocie e, de ser o caso, se aprobe no marco estatal, se limite a cuestións básicas que non coarten a capacidade para negociar no ámbito galego. A experiencia das últimas modificacións legais, co recente exemplo da aínda non finalizada do Real Decreto 276/2007, confirma que as normas de ámbito estatal impiden ou dificultan enormemente dar solucións aos problemas e retos que como sistema educativo e profesorado galego debemos afrontar.

## Calendario e metodoloxía

A CIG-Ensino demandou non saír da reunión sen unha proposta clara dun calendario de temas a tratar no seo da Mesa Docente así como, sobre todo, dunha metodoloxía clara sobre que normas pretende abordar o Goberno: desde o cambio de lexislación específica á posíbel negociación

de normas básicas xerais. O Ministerio non deu ningunha resposta concreta e limitouse a solicitar das organizacións sindicais que remitamos propostas de calendario e de “ideas forza”. A CIG-Ensino considera que este non é o procedemento e que debe ser o Ministerio que formule propostas concretas de negociación, con textos e cuestións concretas.

## Temas varios formulados pola CIG-Ensino

### Na rolda final de intervencións, o sindicato presentou as seguintes cuestións:

#### Nova convocatoria de Mesa se hai cambios na reforma do RD 276/2007

A CIG-Ensino reiterou a demanda de que se convoque unha nova reunión da Mesa se o MEFP ten pensado introducir cambios no articulado do RD.

O Ministerio responde que non convocarán novamente e que, unha vez rematado o prazo de exposición pública do RD, xa comezan os trámites para os informes preceptivos por parte dos diferentes órganos consultivos do Estado, obrigatorios antes da súa aprobación e publicación final, para a que non se avanza ningunha data.

#### Especialidades vinculadas á Arte Dramática

A CIG-Ensino consultou polo momento da tramitación do Real Decreto que pasou pola Mesa no mes de setembro.

O Ministerio informa de que está pendente do informe do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e non avanza ningunha data.

#### Integración do Profesorado Técnico de FP

A CIG-Ensino demandou concreción sobre a data na que se convocará Mesa para tratar sobre a integración do PTFP no corpo de PES así como a situación do profesorado a extinguir no vello corpo ou que se integre no novo corpo de Especialistas. Tamén que se aclare se a integración será a todos os efectos -administrativos e retributivos-, como demandamos desde o sindicato, con carácter retroactivo desde a entrada en vigor da LOMLOE.

Tal e como xa lle adiantaran responsábeis do Ministerio á CIG-Ensino na semana pasada, non van traer á Mesa o Regulamento para a integración até que se coñeza se existen emendas no Senado aos artigos e disposicións que fan referencia ao profesorado na nova LOFP. O día 8 de febreiro está previsto que remate o prazo de emendas. Se non se presentasen, convocarían “inmediatamente” unha reunión da Mesa e afirman que xa teñen o texto rematado e listo para presentar. De existiren emendas agardarían á aprobación final da Lei. Non entraron en ningún detalle sobre o proceso de integración, aprazando calquera resposta á presentación do RD.

## OS NOSOS LOCAIS

### SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

### A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

### BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

### MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

### FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

### LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891  
lugo@cig-ensino.gal

### OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

### PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

### VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

### VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

### SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal